



GUÍA DIDÁCTICA

Material elaborado nunha licenza de formación da Consellería de educación, ciencia, universidades e formación profesional convocada na **RESOLUCIÓN do 5 de xullo de 2024**, da Dirección Xeral de centros e recursos humanos, pola que se convocan licenzas de formación para o curso 2024/25 destinadas ao funcionario docente non universitario e se aproban as bases de concesión.

AUTORÍA: Irene de Concepción Fernández e Manuel Alberto Mesías González

Contenido

INTRODUCCIÓN	3
OBXECTIVOS	5
CONTIDOS E COMPETENCIAS CLAVE	6
DESENVOLVEMENTO DE CONTIDOS NAS UNIDADES DIDÁCTICAS	9
DESCRIPCIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS	13
UNIDADES	14
SECCIÓNS	16
DINÁMICAS DE GAMIFICACIÓN	18
ACTIVIDADES SEN RETROALIMENTACIÓN INMEDIATA	18
METODOLOXÍA E ORIENTACIÓNS DIDÁCTICAS	20
AVALIACIÓN	20
DESEÑO UNIVERSAL DA APRENDIZAXE	24
BARRA DE ACCESIBILIDADE	24
REQUISITOS TÉCNICOS	25

INTRODUCCIÓN

Bora aprender português 1 é un proxecto composto por sete unidades didácticas, deseñadas segundo as orientacións do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER). O obxectivo principal do curso é introducir o alumnado na aprendizaxe do portugués como lingua estranxeira, seguindo unha progresión coherente e adaptada ao nivel de iniciación.

Está especialmente deseñado para o alumnado de 1º da ESO, pero tamén pode aplicarse noutros cursos ou niveis onde se inicie a aprendizaxe do portugués. O curso está planificado para desenvolverse ao longo de 70 sesións, e permite que os docentes adapten as actividades ao ritmo e ás necesidades do grupo. A súa estrutura fomenta unha aprendizaxe activa e participativa, favorecendo a motivación e a implicación do alumnado en todo o proceso.

A estrutura do curso inclúe actividades interactivas que se axustan ás novas tecnoloxías e metodoloxías educativas, facilitando a súa implementación en contornas de aprendizaxe virtual como Moodle ou Edixgal.

O curso foi creado empregando a versión 2.9 do programa de código aberto e gratuito eXeLearning, que permite exportar os contidos en arquivos coa extensión .elp (facilitando a reutilización dos materiais mediante a importación ou incorporación de páxinas doutros proxectos) ou en formato SCORM (para a súa integración en plataformas educativas como Moodle. EXeLearning está dispoñible nos equipos informáticos dos proxectos ABALAR e Edixgal, así como para os sistemas operativos GNU/Linux, Microsoft Windows e Apple, permitindo así unha ampla accesibilidade e adaptación a distintos contornos dixitais.

Tamén se integran en *Bora lá aprender português 1* recursos elaborados coa aplicación **H5P** que permite enriquecer o curso con contidos dinámicos e interactivos, mellorando a experiencia de aprendizaxe. Estes contidos (exercicios adaptables, presentacións, vídeos con preguntas, xogos) pódense descargar directamente, a través do botón *Reuse* e *Embed*, para incorporar ao banco de contidos ou incrustar noutro recurso.

Os paquetes H5P seguen estándares web, polo que son compatibles coa maioría dos navegadores e dispositivos. Ao almacenarse no banco de contidos garántese un uso flexible e eficaz destes recursos educativos e un control total sobre os materiais. A reutilización permite adaptación dos contidos a diferentes niveis e necesidades, asegurando unha maior flexibilidade no ensino.

O almacenamento no banco de contidos da aula virtual posibilita tamén un acceso rápido aos recursos e permite un seguimento individualizado do

progreso dos estudantes, aspecto que pode ser especialmente útil no momento da avaliación, xa que facilita a revisión das tarefas realizadas, a detección de dificultades e a adaptación das estratexias de ensino en función das necesidades de cada alumno.

Preenche as lacunas com a forma verbal certa.

Ela para o telefone errado sempre.

Tu pela janela quando chove.

Eu de autocarro todos os dias.

Nós português na sala de aula.

Vocês para a polícia quando é urgente.

Nós à professora todas as dúvidas.

Elas português com sotaque brasileiro.

Tu de autocarro às oito horas.

Vocês pela janela durante a aula?

Vocês de autocarro muito cedo.

A secuencia de materiais presentada no curso de portugués conta coas seguintes características:

- **Motivadora:** emprega presentacións interactivas, con combinacións de cores, letras, imaxes , material audiovisual que fan a aprendizaxe máis estimulante.
- **Fomenta a creatividade:** inclúe actividades de produción escrita e oral, xogos de rol e promove tamén o pensamento crítico a través da autoavaliación e a análise de creacións propias.
- **Adaptable:** as actividades están graduadas en dificultade, permitindo atender á diversidade do alumnado. Os materiais están dispoñibles en varios formatos (texto, son, imaxe) e inclúen ferramentas de accesibilidade.
- **Interactiva:** ofrece actividades variadas como encher ocos, escolla múltiple, relación de elementos, verdadeiro ou falso, vídeos interactivos, entre outras. A navegación é intuitiva, cun menú lateral despregable e accesos directos ás distintas seccións.
- **Retroalimentación continua.** A maioría das actividades inclúen corrección e comentarios inmediatos, permitindo ao alumnado coñecer os seus acertos e erros ao momento. A través desta retroalimentación

constante, foméntase a mellora progresiva e a autorregulación da aprendizaxe. O alumando pode repetir as actividades as veces que considere oportuno dentro ou fóra da aula.

- **Dinámica e motivadora:** intégranse estratexias de gamificación que transforman o proceso de aprendizaxe nunha experiencia máis atractiva e envolvente. Empréganse mecánicas propias dos xogos (táboas clasificatorias, puntos, niveis, recompensas, ...) para aumentar a motivación e o compromiso do alumnado. Desta forma, foméntase a participación activa e a mellora continua.

OBXECTIVOS

En ***Bora aprender portugués 1*** abórdanse os obxectivos da ESO en xeral , así como os obxectivos da materia da Segunda Lingua Estranxeira (Decreto 156/2022, do 15 de setembro):

CODIFICACIÓN	OBXECTIVO
OBX1	Comprender o sentido xeral e a información relevante e predicible en textos sinxelos e ben estruturados, en lingua estándar, relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade e do nivel escolar, e facendo uso de estratexias como a inferencia de significados, para responder a necesidades comunicativas concretas.
OBX2	Producir textos de extensión media, sinxelos e cunha organización clara, usando estratexias tales como a planificación, a compensación ou a autorreparación, para expresar de forma adecuada e coherente mensaxes que respondan a propósitos comunicativos cotiáns.
OBX3	Interactuar con outras persoas usando expresións sinxelas, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.
OBX4	Mediar entre distintas linguas, usando estratexias e coñecementos sinxelos orientados a explicar conceptos

	simples, resumir ou simplificar mensaxes, para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable.
OBX5	Recoñecer, ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.
OBX6	Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e compartindo as semellanzas e as diferenzas entre linguas e culturas, para actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais.

CONTIDOS E COMPETENCIAS CLAVE

En ***Bora aprender portugués 1*** os contidos son os correspondentes á materia optativa “Segunda Lingua Estranxeira: Portuguès” para o curso de 1º de ESO:

BLOQUES DE CONTIDOS

Bloque 1. Comunicación
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Uso das estratexias básicas para a comprensión e a produción de textos orais, escritos e multimodais moi breves, elementais e contextualizados.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións moi elementais da vida cotiá (identificar unha peros, transmitir unha listaxe de ítems do léxico aprendido, ...)
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saúdos básicos habituais, despedidas e presentacións; identificar características moi elementais de persoas, obxectos e lugares; preguntar e dar respostas concretas sobre cuestións moi básicas cotiás; expresar a cantidade, situar no espazo e secuenciar o presente (horarios e momentos do día).

<ul style="list-style-type: none"> ▪ Uso de modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos (felicitacións, notas, listaxes ou avisos).
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Utilización de unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade (persoas e obxectos) e as súas propiedades (existencia, inexistencia), cantidade e número, e formas elementais de afirmación, exclamación, negación e interrogación.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Utilización de léxico elemental e de interese para o alumnado relativo a relacións interpersoais elementais e próximas, vivenda e fogar, lugares e contornas próximas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas elementais: uso das normas elementais de ortografía da palabra, uso adecuado da ortografía da oración (coma, punto e coma), identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Utilización de convencións e estratexias conversacionais moi elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra etc.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura guiada e selección de información, como dicionarios, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos).
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa.

Bloque 2. Plurilingüismo e reflexión sobre a aprendizaxe

<ul style="list-style-type: none"> ▪ Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos elementais de locucións básicas, para elaborar os propios textos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias elementais (identificar,

organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.).
▪ Uso de estratexias e ferramentas de uso elemental, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación e a coavaliación.
▪ Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
▪ Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.

Bloque 3. Interculturalidade
▪ Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes.
▪ Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira.
▪ Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (comida, hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas en países onde se fala a lingua estranxeira.
▪ Utilización de estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
▪ Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.
▪ Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, países e comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
▪ Sensibilidade ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

No curso están integradas todas as competencias claves que o Decreto 156/2022 establece (competencia en comunicación lingüística, competencia plurilingüe, competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e

enxeñaría, competencia dixital, competencia persoal, social e de aprender a aprender, competencia cidadá, competencia emprendedora e competencia en conciencia e expresión culturais). Porén trabállanse especialmente:

- **Competencia en comunicación lingüística (CCL):** mellorar a capacidade do alumnado para comunicarse en portugués mediante actividades de escoita, lectura, escritura e expresión oral.
- **Competencia plurilingüe (CP):** favorecer a interacción entre linguas e culturas, potenciando estratexias de transferencia lingüística e reflexión sobre os diferentes sistemas lingüísticos, especialmente entre o galego e o portugués.
- **Competencia dixital (CD):** fomentar o uso das tecnoloxías da información e a comunicación a través da interacción con materiais dixitais na aula virtual.
- **Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA):** promover a autonomía e a xestión da propia aprendizaxe mediante estratexias de autoavaliación e ferramentas que faciliten o progreso individual.
- **Competencia cidadá (CC):** desenvolver o respecto e a comprensión cara a outras culturas, especialmente a portuguesa, a través do coñecemento das súas tradicións, costumes e contexto social.

DESENVOLVEMENTO DE CONTIDOS NAS UNIDADES DIDÁCTICAS

Este curso de portugués está estruturado en sete unidades didácticas (“aulas”), organizadas ao redor de temas de interese próximo ao alumnado. Estas unidades abordarán tanto os aspectos gramaticais e léxicos da lingua portuguesa como as destrezas de comprensión e expresión oral e escrita. A estrutura do curso favorece unha aprendizaxe progresiva e adaptada ao nivel de cada estudante, permitindo que desenvolvan as súas competencias lingüísticas a través de actividades significativas.

Distribución dos contidos nas sete unidades

Aula 1: Olá! Tudo bem?

Contidos gramaticais:

- Verbos regulares en -ar no presente do indicativo
- Verbos ser e estar no presente do indicativo
- Pronomes persoais suxeito
- Formal/informal (Você)

- Artigos definidos e contraccións

Fonética: Pronuncia do dígrafo NH

Contidos léxicos:

- Saúdos, presentacións e vocabulario básico relacionado.
- Países, linguas e nacionalidades

Contidos comunicativos:

- Presentarse a un mesmo e aos demais
- Saudar e despedirse

Aula 2: O que há na tua mochila?

Contidos gramaticais:

- O artigo indefinido. Contraccións.
- Verbos regulares en -er no presente
- O verbo TER no presente de indicativo
- Numerais ata o 20 (cardinais e ordinais)

Fonética: Pronuncia do dígrafo LH

Contidos léxicos: Vocabulario relacionado coa escola: espazos, materias, material escolar, ...

Contidos comunicativos:

- Dar e pedir información sobre datos persoais
- Falar sobre a escola e describir a rutina escolar

Aula 3: Na segunda faço anos

Contidos gramaticais:

- Acentos gráfico e til
- Números ata o 100
- Verbos regulares en -ir no presente do indicativo
- O verbo FAZER no presente de indicativo
 - Expresións

Fonética: Pronuncia do ditongo nasal ão

Contidos léxicos:

- Os membros da familia
- O tempo cronolóxico: día, semanas, meses, ...

Contidos comunicativos

- Agradecer
- Preguntar. Oracións interrogativa
- Falar sobre a familia e os amigos
- Convite festa de anos

Aula 4: Vamos de comboio

Contidos gramaticais:

- Possessivos
- A formación do plural dos nomes
- Preposición de movemento
- Verbo IR. Accións futuras
-

Fonética: Pronuncia do Ç (Cê-cedilha)

Contidos léxicos:

- Partes do corpo
- Medios de transporte

Contidos comunicativos:

- Outras formas de dicir SIM
- A descrición persoal

Aula 5: Que giro!

Contidos gramaticais:

- Os demostrativos
- Os adxectivos. Colocación e concordancia. Tipos
- Adverbios de lugar
- Verbo DIZER

Fonética: Pronuncia do dígrafo CH

Contidos léxicos:

- Roupas e complementos
- Cores e padróns

Contidos comunicativos:

- Indicar descoñecemento ou desinterese (Sei lá!)
- Expresar gustos e preferencias

- Describir a vestimenta

Aula 6: Do quarto á cozinha

Contidos gramaticais:

- Os sinais de puntuación
- Os indefinidos
- O verbo VER no presente do indicativo. Expressións
- O verbo VIR (PI)

Fonética: Pronuncia do J

Contidos léxicos:

- A casa (divisións, mobles, ...)
- As cores

Contidos comunicativos:

- Preguntas de confirmación
- Expresar e pedir opinión
- Describir a casa

Aula 7: Onde fica?

Contidos gramaticais:

- O hifen.
- Pronome persoal átono
- Preposicións e locucións de lugar
- O imperativo
- O Verbo PODER/CONSEGUIR

Fonética: Pronuncia do Zê

Contidos léxicos:

- Os espazos onde vivimos
- Lugares públicos e de uso social
- Os puntos cardinais


Contidos comunicativos:

- Dar e pedir informacións sobre un lugar (localizar)
- Dar e dicir a hora.

DESCRINCIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS

A estrutura das actividades permite que o alumnado teña unha guía clara sobre o que se espera en cada sección, evitando que se perda e ofrecéndolle unha visión organizada da aprendizaxe. Ademais, esta organización tamén ofrece flexibilidade ao profesorado, xa que permite adaptar as actividades segundo as necesidades da aula. O docente pode seguir a estrutura proposta ou realizar unha selección alternativa de contidos e tarefas, axustándoas aos intereses e ao ritmo do grupo. Así, garántese tanto unha planificación clara para o alumnado como a posibilidade de personalizar o proceso de ensino segundo as circunstancias específicas de cada contexto.

A seguinte imaxe amosa a estrutura das páxinas iniciais de cada unidade. Nela aparecen o nome do proxecto, o nome e número da unidade (aula), o número total de páxinas, o sumario, barra de accesibilidade, a licenza do recurso e as iconas de avanzar á páxina seguinte.



No lateral sitúase o sumario, extensible, que permite desprazarse por toda a unidade sen ter que seguir a secuencia páxina a páxina, facilitando un acceso máis rápido e directo ao contido.



UNIDADES

As unidades didácticas denomináronse "aulas". No seguinte esquema detállanse os contidos específicos de cada unha das seccións, ofrecendo unha visión ampliada da súa estrutura e dos elementos que as compoñen.

A postos

Cada unidade comeza cunha canción en portugués que introduce algúns dos contidos que se van traballar. O obxectivo é despertar o interese do alumnado e facilitar a aprendizaxe dun xeito entretido.

Pronúncia

Esta sección está dedicada á fonética e á entoación do portugués europeo. A través de diversas actividades, preténdese apoiar a práctica da pronunciación, traballando tanto sons específicos da lingua como os seus elementos suprasegmentais: entoación, acentuación e ritmo. As actividades propostas son variadas.

Gramática

A gramática é un elemento fundamental na aprendizaxe de calquera lingua e, por iso, ocupa un lugar destacado no ensino do portugués como lingua estranxeira. Nesta sección, preséntanse contidos gramaticais de forma progresiva, combinando actividades expositivas claras con exercicios prácticos, variados e contextualizados.

permitindo comprender e aplicar as regras gramaticais dun xeito significativo.

Vocabulário

O desenvolvemento da competencia léxica é esencial na aprendizaxe dun idioma e un dos pilares fundamentais para mellorar a competencia comunicativa. Nesta sección, o vocabulario trátase de forma autónoma, cun espazo propio para a súa presentación, práctica e consolidación. O vocabulario abórdase como un obxectivo en si mesmo, sen limitarse a ser só unha ferramenta para practicar gramática ou activar outras destrezas, favorecendo a súa adquisición e fixación nun contexto significativo e contextualizado.

Comunicação

Esta sección céntrase en desenvolver as destrezas comunicativas, tanto orais como escritas, a través de actividades que se achegan a situacións reais. O obxectivo é que o alumnado desenvolva a súa capacidade de comunicarse en portugués en contextos reais, utilizando materiais que simulan escenarios da vida cotiá. Este enfoque comunicativo favorece o desenvolvemento das habilidades lingüísticas e motiva o alumnado, permitindo unha aprendizaxe máis significativa e práctica.

Descobre Portugal

Nesta sección trabállanse contidos culturais de Portugal (música, cine, tradicións,...), que axudan o alumnado a afrontar unha nova cultura. Aprender unha lingua vai máis alá de memorizar vocabulario ou dominar regras gramaticais: tamén implica comprender a estrutura sentimental e os valores propios da cultura, que inflúen na forma en que se utilizan as palabras, nas normas de comunicación e na comprensión de contextos sociais e históricos. Expresións idiomáticas, modismos e outras características culturais non só enriquecen o vocabulario, senón que melloran significativamente a competencia lingüística.

Na hora da história

A exposición directa e real ao idioma é esencial para a aprendizaxe efectiva dunha lingua estranxeira, pero non sempre pode ser proporcionada polo docente. Por iso, o uso de vídeos resulta clave para mellorar o ritmo e a fluidez na lectura, ademais de ser unha excelente forma de reforzar as destrezas orais do alumnado.

Esta sección apóiase nunha historia en vídeo. A través de distintas actividades trabállase a pronuncia, a lectura, a comprensión, a ampliación do vocabulario, ... O cine, as curtas,... non só ofrecen entretemento, senón tamén

oportunidades para mellorar as destrezas lingüísticas e culturais.

Questionário de autoavalição

Esta sección inclúe un test de avaliación en formato SCORM, composto por 15 preguntas de opción múltiple, onde cada unha ten unha única resposta correcta. Esta actividade permítelle ao alumnado comprobar a asimilación dos contidos traballados e recibir retroalimentación ao final. Ademais, facilita ao docente o seguimento do progreso do alumnado. A particularidade deste formato é que se comunica co LMS, indicando se o test foi superado ou non, sen mostrar unha cualificación numérica.

SECCIONS

En cada sección do curso, os contidos preséntanse principalmente mediante presentacións interactivas e actividades dinámicas que fomentan unha aprendizaxe activa e participativa.

Como xa se mencionou, as actividades están creadas con eXeLearning, H5P, Learning Apps, e Wordwall. Estas aplicacións permiten non só a creación de materiais atractivos, senón tamén a súa reutilización e modificación noutros recursos ou a súa utilización de forma illada.

As **presentacións interactivas** son unha ferramenta clave na exposición dos contidos. Estas inclúen elementos que se poden premer como botóns, fotografías, información complementaria... que permiten ao alumnado interactuar directamente co material. Ao premer nas respectivas iconas, non só se accede á información que enriquece o recurso de maneira directa, senón que tamén lle permite ao alumnado explorar o contido ao seu ritmo, favorecendo a participación activa.

The screenshot shows an interactive presentation interface. On the left is a vertical menu with various topics in Portuguese: Gramática, Vocabulário, Comunicação, Cumprimentar, Apresentação, Dá asas à escrita!, Descobre Portugal, Na hora da história, Teste de avaliação, and Documentação. The main content area is titled 'Eu sou ...' and contains a section 'Dar e pedir informação pessoal' (Giving and asking for personal information). This section includes a 'QUESTÕES' (Questions) area with sub-sections for 'NOME E APELIDOS' (Name and Surnames), 'ORIGEM' (Origin), and 'MORADA' (Address). Each sub-section contains questions and answers in Portuguese. For example, under 'NOME E APELIDOS', there are questions like 'Qual é o seu nome?' and 'Como te chamas?'. Under 'ORIGEM', there is a question 'De onde és / és?'. Under 'MORADA', there is a question 'Onde moras / mora?'. The presentation also includes a 'MORADA' (Address) section with a question 'Onde moras / mora?'. The presentation also includes a 'MORADA' (Address) section with a question 'Onde moras / mora?'.

Por outra banda, as **actividades autocorrigibles** son un elemento fundamental do curso, permitindo ao alumnado practicar e consolidar os contidos de forma dinámica e autónoma. Ao finalizar cada actividade, a retroalimentación é proporcionada ao premer no botón de "Verificar". As actividades poden repetirse segundo a necesidade do alumnado, permitindo que os estudantes fortalezan os conceptos traballados e melloren nas habilidades adquir

Escolhe

Instruções

Lê as orações e preenche as lacunas com a forma verbal certa do presente do indicativo do verbo MORAR.

Escolhe a forma correta do verbo.

1. Eu numa casa pequena no centro da cidade.
2. Tu perto da praia?
3. Vocês em Lisboa?
4. Ela num apartamento moderno em Lisboa.
5. Nós num bairro tranquilo.
6. Vós todos na mesma aldeia? (Pouco usado, mas correto.)
7. Eles numa casa grande com jardim.
8. Você numa cidade grande ou pequena?

Esta retroalimentación instantánea favorece o proceso de aprendizaxe, xa que permite ao alumnado identificar os seus erros e corrixilos nun momento clave.


Cada actividade inclúe unha icona que indica o tipo de tarefa a realizar (arrastrar, responder a preguntas tipo test, escribir, seleccionar a resposta correcta, completar espazos, escoitar, falar, ...) e unhas instrucións detalladas e ben visibles, que guían o alumnado paso a paso na resolución da tarefa.

DINÁMICAS DE GAMIFICACIÓN

Dentro das actividades, destacan as que incorporan a gamificación (identificadas coa icona dunha consola) , unha técnica de aprendizaxe que adapta as mecánicas dos xogos ao contexto educativo, e emprega elementos como puntuacións, táboas de clasificación, niveis, ..., creando un ambiente de aprendizaxe no que os estudantes se motivan a mellorar de forma continua.

A gamificación busca non só pór en práctica e reforzar os contidos académicos, senón tamén fomentar a competencia sa entre os estudantes, favorecendo o benestar emocional do alumnado, facendo o proceso de aprendizaxe máis ameno e divertido. As dinámicas de xogos tamén axudan na


sociabilización dos estudantes, favorecendo a interacción entre iguais e promovendo valores de igualdade, equidade e non discriminación.



ACTIVIDADES SEN RETROALIMENTACIÓN INMEDIATA

Un grupo de actividades non son autocorrixibles, xa que están deseñadas para fomentar a expresión individual do alumnado, tanto escrita como oral. Estas actividades, estreitamente vinculadas coa competencia comunicativa, traballan as habilidades de escribir e falar, ofrecendo ao estudante a oportunidade de expresarse de forma libre e reflexiva.

Para realizalas, os estudantes dispoñen dunha caixa de texto para redactar as súas respostas escritas ou poden utilizar unha gravadora de audio para rexistrar as contestacións orais. A principal diferenza respecto a outras actividades autocorrexibles é que, neste caso, non se proporciona retroalimentación inmediata, o que permite ao alumnado elaborar as súas respostas de forma máis pausada e detallada.



Ademais, estas actividades están deseñadas para seren realizadas de maneira progresiva. O estudante pode gardar unha resposta provisional utilizando a opción "Gardar", o que lle permite revisar e modificar o seu traballo máis adiante se o desexa. Deste xeito, foméntase unha aprendizaxe por etapas, que inclúe fases como a busca de información, a escritura da resposta, a revisión e a mellora do texto. Para facilitar este proceso, as instrucións son máis amplas e detalladas, e en moitos casos inclúense modelos ou guías que orientan a produción tanto oral como escrita.

Neste contexto, o papel do docente resulta fundamental, xa que actúa como guía e facilitador do proceso de aprendizaxe. A súa función non só consiste en corrixir as composicións, senón tamén en motivar o alumnado, proporcionándolle orientacións claras e fomentando a reflexión sobre as súas creacións. A través de comentarios personalizados e pautas concretas, o profesor crea as condicións óptimas para que cada estudante poida mellorar a súa expresión e desenvolver un pensamento crítico e autónomo.

Unha vez gravadas as respostas, os estudantes poden enviar o seu traballo ao profesor -a través do aula virtual ou gardar a gravación para realizar unha autoavaliación ou revisión posterior de maneira máis cómoda e reflexiva.

METODOLOXÍA E ORIENTACIÓNS DIDÁCTICAS

Os materiais propostos permiten a súa aplicación directa na aula, cunha secuencia de actividades organizada de forma progresiva en dificultade. As primeiras tarefas de cada unidade están deseñadas para as estruturas fundamentais, mentres que as seguintes avanzan cara a unha maior complexidade, favorecendo a práctica comunicativa en diferentes contextos.

As actividades con apoio auditivo inclúen modelos de pronuncia autóctonos que favorecen a adquisición dunha pronuncia clara e precisa. A metodoloxía de traballo é comunicativa, activa e participativa, permitindo que o alumnado se implique na súa propia aprendizaxe a través de tarefas dinámicas e interactivas. A docencia complementa a eficacia do material mediante a súa orientación e seguimento, adaptándose ás necesidades do grupo.

AVALIACIÓN

O curso ***Bora aprender português 1*** permite un enfoque continuo, formativo e integrador, aliñado coa lexislación vixente:

- **Continua** – A aprendizaxe do alumnado é seguida de forma sistemática ao longo do curso, a través de actividades interactivas, exercicios autocorrixibles e tarefas de produción oral e escrita. Deste xeito, o profesorado pode identificar dificultades e axustar a abordaxe pedagóxica segundo as necesidades detectadas.
- **Formativa** – A avaliación non se limita á verificación de coñecementos, senón que tamén ten un carácter orientador. As actividades inclúen retroalimentación detallada, promovendo a reflexión e a mellora continua. Ademais, o alumnado dispón de ferramentas que lle permiten revisar e corrixir as súas propias respostas antes da entrega final.
- **Integradora** – O curso propón unha avaliación global das competencias lingüísticas, incluíndo comprensión e produción oral e escrita, interacción e uso da lingua en diferentes contextos.

O curso ***Bora aprender português*** ofrece unha ampla gama de recursos para a avaliación, como cuestionarios interactivos, actividades autocorrixibles, gravacións de audio para avaliar a pronuncia e tarefas de escritura guiada.

Ademais, promove a autoavaliación e a coavaliación, fomentando que o alumnado reflexione sobre o seu propio progreso e colabore na aprendizaxe.

A flexibilidade da estrutura do curso tamén permite ao profesorado personalizar a avaliación, seleccionando os recursos máis axeitados para o seu grupo e complementando as actividades con observacións directas e instrumentos adicionais segundo as súas necesidades.

Os criterios de avaliación que se aplicarán serán os que aparecen reflectidos no decreto (Decreto 156/2022, do 15 de setembro), para o 1º curso da ESO da materia Segunda Lingua Estranxeira, garantindo un desenvolvemento equilibrado de todas as habilidades comunicativas.

Bloque 1. Comunicación

CA1.1. Recoñecer o sentido global moi evidente e as informacións específicas máis elementais de textos orais, escritos e multimodais breves e elementais sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma facilmente comprensible, moi clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.

- CA1.2. Usar de forma guiada estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes de textos moi elementais: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais moi evidentes, e uso dos coñecementos previos sobre a situación, que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e utilizando as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas do seu repertorio lingüístico.

- CA1.3. Comprender descrições, narracións, instrucións moi elementais formuladas a través de diversos soportes de xeito moi simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas moi básicos previamente traballados, e, no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito cun ritmo moi pausado e articulando moi claramente.

- CA1.4. Producir oralmente textos curtos moi elementais, a partir de modelos sinxelos e moi básicos, sobre temas moi cotiáns, prestando atención á articulación, ao ritmo, á acentuación e á entoación para facer o texto intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia.

- CA1.5. Redactar textos curtos e moi elementais a partir de modelos moi sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.

<ul style="list-style-type: none"> • CA1.6. Completar formularios e documentos moi elementais en que se solicite de maneira evidente información persoal moi básica, en soporte tanto impreso como dixital.
<ul style="list-style-type: none"> • CA1.7. Aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa.
<ul style="list-style-type: none"> • CA1.8. Pronunciar de xeito intelixible, mesmo cometendo algúns erros de pronuncia polos cales as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.
<ul style="list-style-type: none"> • CA1.9. Participar en situacións interactivas moi breves e simples, cara a cara, establecendo contacto social elemental, intercambiando información moi básica, manifestando os seus gustos, facendo invitacións elementais e ofrecementos, e pedindo e dando indicacións suficientes para ir a un lugar.
<ul style="list-style-type: none"> • CA1.10. Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave, se o necesita, e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.
<ul style="list-style-type: none"> • CA1.11. Comprender preguntas elementais e dar e comprender información sinxela relativas á información persoal moi básica (nome, idade, domicilio etc.), así como instrucións e peticións simples relativas ao ámbito escolar.
<ul style="list-style-type: none"> • CA1.12. Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.
<ul style="list-style-type: none"> • CA1.13. Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.

Bloque 2. Plurilingüismo e reflexión sobre a aprendizaxe

<ul style="list-style-type: none"> • CA2.1. Transmitirlles a terceiras persoas información moi simple e previsible, de interese inmediato, de palabras e de textos moi curtos e moi simples, como sinais, paneis de información, palabras de menús, prezos, horarios etc., mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.

<ul style="list-style-type: none"> • CA2.2. Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.
<ul style="list-style-type: none"> • CA2.3. Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico.
<ul style="list-style-type: none"> • CA2.4. Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.
<ul style="list-style-type: none"> • CA2.5. Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo e valorando estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndooos explícitos e compartíndoos con outros participantes.
<ul style="list-style-type: none"> • CA2.6. Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados, tomando en consideración o coñecemento do mundo e os coñecementos e as experiencias noutras linguas.

Bloque 3. Interculturalidade

<ul style="list-style-type: none"> • CA3.1. Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e culturais, e utilizar, de forma guiada, estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística.
<ul style="list-style-type: none"> • CA3.2. Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais, como formas de vida, hábitos, horarios etc., e lingüísticos.
<ul style="list-style-type: none"> • CA3.3. Participar en proxectos en que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.
<ul style="list-style-type: none"> • CA3.4. Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas máis básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.

DESEÑO UNIVERSAL DA APRENDIZAXE


O deseño do curso ***Bora aprender portugués 1*** segue as directrices do Deseño Universal da Aprendizaxe (DUA), garantindo que os contidos e actividades sexan accesibles, motivadores e adaptables ás necesidades do alumnado.

- **Proporcionar múltiples formas de representación.** O curso ofrece unha ampla variedade de formatos para presentar a información, favorecendo a representación visual. Ademais, as actividades interactivas empregan soportes visuais e auditivos que facilitan a adquisición de vocabulario e estruturas gramaticais. A estrutura clara e recorrente das unidades axuda a organizar a aprendizaxe.
- **Proporcionar múltiples formas de acción e expresión.** O alumnado pode interactuar cos contidos de distintos xeitos: completar cuestionarios, escribir textos, gravar respostas orais, empregar xogos de asociación ou realizar actividades de arrastre e clasificación, A presenza de tarefas autocorrixibles proporciona unha retroalimentación inmediata, mentres que as actividades de resposta aberta permiten un enfoque máis reflexivo e personalizado.
- **Proporcionar múltiples formas de implicación.** O curso está estruturado de maneira progresiva, permitindo que o alumnado perciba a súa evolución e manteña a motivación. Grazas á diversidade de tarefas e á posibilidade de autoavaliación, foméntase a autonomía e a autorregulación da aprendizaxe.

BARRA DE ACCESIBILIDADE

Como se pode ver nas pantallas anteriores, o recurso incorpora por defecto unha barra de accesibilidade. Con esta funcionalidade, o usuario poderá elixir entre a tipografía co estilo co que se creou o material e outras tres: OpenDyslexic, Atkinson Hyperlegible e Montserrat. Igualmente, poderase aumentar ou reducir o tamaño da letra ou utilizar un botón para ler en voz alta a pantalla ou o texto seleccionado.


No seguinte gráfico explícanse as distintas opcións e aplicacións da barra de accesibilidade.



REQUISITOS TÉCNICOS

Os recursos do curso foron creados utilizando aplicacións multiplataforma, o que garante que poidan funcionar en calquera sistema operativo e producirse en calquera navegador web.

Porén, existe unha actividade oral específica (identificada cun micrófono e denominada *Aperta o play*), que é autocorrixible. Esta actividade está baseada en recoñecemento de voz mediante HTML5, permitindo aos usuarios responder ás preguntas coa súa propia voz. Para que a actividade funcione correctamente é preciso empregar o navegador **Google Chrome**. O motor de recoñecemento de voz actualmente utilizado só está dispoñible nese navegador.



Se o alumnado utiliza un navegador diferente, aparecerá uha mensaxe de erro indicando que a actividade non pode ser completada. Esta información xa se lembra nas instrucións da propia actividade.